

Plan de Recuperación MP0441 Técnica Contable 23-24

O alumnado de 2º curso do Ciclo Medio en Xestión Administrativa que precise recuperar o módulo profesional MP0441 Técnica Contable, terá a seguinte vía para facelo:

- Realización dun Final único en Marzo.

Exame Final Único Marzo

Realizarase un exame final , onde se avaliarán as seguintes unidades didácticas.

| Unidades Didácticas a Avaliar | Data Prevista | Ponderación Cualificación |
|--|---------------|---------------------------|
| UD 1: Elementos Patrimoniais das organizacións económicas | mar-24 | 5% |
| UD 2: Metodoloxía Contable | mar-24 | 20% |
| UD 3: O Plan Xeral de Contabilidade | mar-24 | 10% |
| UD 4: Contabilización dos feitos económicos básicos da empresa | mar-24 | 60% |
| UD 5: Operacións de contabilización perante aplicacións informáticas específicas | mar-24 | 5% |

A data específica de marzo determinarase máis adiante por acordo entre o departamento para evitar solapamentos.

Consulta de dúbidas

Reservase o recreo dos luns (de 11:15 a 11:55) para a resolución de dúbidas, na aula B13. Ademais o alumnado no caso de que existan postos libres na aula B13, poderá acudir ás clases de 1º de Ciclo Medio en Xestión Administrativa:

- Luns de 10:25 a 11:15 e 11:55 a 12:45
- Mércores de 08:45 a 10:25
- Venres de 10:25 a 11:15

Normativa Exames

- Para aprobar, débese obter a lo menos un 5 no exame final.
- A non asistencia á proba escrita sen motivos xustificadas suporá unha cualificación de 0 no mesmo. A consideración de se un motivo ten a cualificación de xustificada ou non quedará a valoración do profesor do módulo profesional. A modo de exemplo especificase que as citas con médicos de cabeceira non se admitirán como xustificación, posto que existe certa liberdade na elección da data e hora da cita. Si se admitirán xustificantes médicos de necesidade de repouso ou similares. As citas con especialistas da sanidade pública tamén serán admitidas, debido a dificultade de elección da data e hora da cita, quedando as de especialistas privados a consideración do profesor. No caso das citas para solicitar outra data debe avisarse cunha antelación mínima de 5 días con respecto a proba.



- Calquera alumno que a través de calquera método copie nas probas escritas, nos traballos, nas prácticas informáticas ou nas actividades terá de xeito automático unha cualificación de cero nesa proba.

Suspensos en Marzo

O alumnado que suspenda en marzo e que polo tanto non acudirá á FCT volverá a ter a oportunidade de recuperar este módulo a través da seguinte vía:

- Exame final único en xuño: na data que se determine polo departamento dentro da semana de recuperacións.

Pontareas a 20/09/2023

Ernesto Roa Martínez

Profesor Curso 2023/24 – Técnica Contable